

OBRADOIRO DE ESCRITURA O ESCRITOR ESCRIBE

Coordina: Fernando Ontañón

Fernando Ontañón é escritor.

En 2010 publicou *Relatos invisibles* (Ed. Carena), «Estamos ante un autor capaz de encandear coas pequenas historias, case ocultas, do acontecer diario» Rodri García, *La Voz de Galicia*.

En 2014, a súa novela *El periodista despedido* (Ed. Ézaro) acadou o X Premio de Novela Corta Dulce Chacón.

En 2016 publicou *El orden invisible de las cosas* (Ed. Ézaro), «Ontañón non fai senón seguir ascendendo en complexidade para entregarnos unha obra intrigante, ambiciosa e madura», Ignacio Sanz, *La tormenta en un vaso*.

En 2019 verá a luz a súa próxima novela. É colaborador habitual de *La Opinión A Coruña* e participa con asiduidade en presentacións de libros e outros eventos relacionados co mundo da literatura.

Unha aproximación ao papel en branco. Como xurde a historia dun relato? De onde extrae o escritor a materia das súas ficcións? Cal é o mellor xeito de comezar unha narración, cal pode ser o fin máis axeitado...?

Neste obradoiro imos aprender a escribir escenas, a debuxar personaxes, a desenvolver diálogos verosímiles... e, sobre todo, imos perder o pudor á escritura e a enfrentarnos á opinión dos nosos compañeiros. Compartir os nosos textos e ler o que outros escriben axudaranos a mellorar. Compartir a nosa paixón común pola literatura animaranos a seguir escribindo. Ademais, leremos relatos de grandes escritores que nos ensinarán algunhas claves sobre o oficio de escribir. Porque o escritor escribe, mais a súa principal ferramenta literaria é a bagaxe das súas lecturas.

Obradoiro primeiro trimestre 2019

Mércores alternos do
30 de xaneiro ao 27 de marzo.

Xaneiro: día 30

Febreiro: días 13 e 27.

Marzo: días 13 e 27.

PREZO: 75 €.

HORARIO: 19.30/21.30

OBRADOIRO DE ESCRITURA O ESCRITOR ESCRIBE

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

NOME E APELIDOS:

ENDEREZO:

CORREO ELECTRÓNICO:

PÓDESE ENVIAR O FORMULARIO DE INSCRICIÓN POR CORREO ELECTRÓNICO / FAX

Nº de conta: **Abanca ES64 2080 0008 31 3040016673**

Email: info@fundacionluisseoane.gal

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Personais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais inscritos nesta actividade é a Fundación Luis Seoane, con enderezo na rúa San Francisco, 27, 15001, en A Coruña. A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas da Fundación sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa por correo electrónico: info@fundacionluisseoane.gal

Uso de fotografías e/ou vídeos: coa finalidade de promocionar a actividade desenvolvida pola Fundación, gustaríanos contar co seu consentimento para a toma e publicación de imaxes e/ou vídeos nos que poida aparecer, para a súa publicación tanto na páxina web oficial da Fundación, con dominio www.fundacionluisseoane.gal, no perfil aberto en Facebook, Instagram e Twitter co nome "Fundación Luis Seoane", e/ou en publicacións que se poidan efectuar en medios de comunicación sobre os eventos e actividades organizados pola área de cultura da Fundación. Por favor marque a casa que se axuste, en cada caso, aos permisos que quere darnos.

FOTOGRAFÍAS/VIDEOS

Sí, dou o meu consentimento para que se publiquen imaxes e/ou vídeos, nos que eu poida aparecer a través das devanditas canles.

Non dou o meu consentimento para que publiquen imaxes e/ou vídeos, nos que eu poida aparecer.

A Fundación Luis Seoane infórmalle que en calquera momento vostede poderá proceder a retirar o consentimento facilitado para a publicación de imaxes e/ou vídeos, mediante comunicación dirixida ao enderezo enriba indicado, sen que iso anule a lexitimación dos tratamentos que se efectuaron dende que se outorgou o consentimento ata que vostede nolo retire.